

1. Contexto histórico, cultural e filosófico do autor

1.1. A sociedade: a Revolución Industrial e o movemento obreiro

A Revolución Industrial provoca un gran cambio en Europa, que, de ser unha zona pouco desenvolvida e pouco poboada ao inicio da Idade Media, pasa a converterse durante o século XIX na rexión máis rica do mundo. Foi un fenómeno multifactorial, complexo e de consecuencias inesperadas.

O coñecemento científico aplicado á industria terá como resultado innovacións técnicas que revolucionan a industria téxtil e a siderúrxica. Novas fontes de enerxía permitirán traballar novas materias primas. En consecuencia, o transporte e o comercio expándense, o que permite cambios produtivos que supoñen, en definitiva, cambios financeiros.

O resultado serán cambios sociais importantes, xa que os industriais e homes de negocios serán os que dirixan o movemento do capital, e deixan nun segundo plano a nobres e aristócratas, posto que o poder agora está nas mans de quen ten os cartos para investir na industria, non de quen posúa exclusivamente títulos nobiliarios, que xa non lle confiren privilexios sociais.

No entanto, desde a caída do Imperio napoleónico, a monarquía e a alta burguesía alíanse para conseguir a restauración dos valores do Antigo Réxime. Para poñerlles freo, os movementos revolucionarios percorren Europa e contribúen á difusión das ideas democráticas: o sufraxio universal, unha maior liberdade política e igualdade social. Os traballadores loitan nas revolucións liberais para conseguir reformas políticas que melloren as súas condicións de vida, ata que se fai patente que, en realidade, o liberalismo, máis que mellorar a vida dos traballadores, favorece a burguesía, que defende a liberdade do individuo fronte aos privilexios e imposicións da monarquía e a nobreza, pero establece unha nova maneira de clasificar os cidadáns, xa non polo seu nacemento, senón polos seus cartos.

O voto é un dereito daqueles homes que contan cun nivel económico suficiente. Os demais, analfabetos, sucios e cheos de miseria, non teñen a dignidade que lles permita decidir como organizar o poder político, que queda en mans dos burgueses.

As duras condicións de vida da clase proletaria alimentan o seu enfrontamento coa burguesía. En Inglaterra, os ludditas, grupos de artesáns organizados para destruír maquinaria sen ser violentos coas persoas, foron reprimidos duramente. O seguinte paso foi asociarse clandestinamente e organizar o proletariado formando sindicatos por oficios, as Trade Unions, que se legalizaron en 1825. Ao unirse a nivel nacional creouse unha Great Trade Union con tantos afiliados que o Goberno comprendeu a importancia do movemento sindical e prohibiuna.

O resultado foi que os líderes sindicais empezaron a esixir o dereito a voto dos obreiros (varóns) para que o Estado non beneficiase exclusivamente a burguesía.

As mulleres quedarán relegadas á minoría de idade perpetua en todas as clases sociais; mulleres e nenos someteranse a unha explotación extrema en minas e fiadeiros, cobrando menos que os homes polo mesmo traballo.

As proletarias tomaron conciencia de clase, pero non da súa discriminación como mulleres dentro de todas as clases, e foron as mulleres de clase media, que recibiran algunha educación, as que crearon o movemento sufraxista, que pedía o sufraxio universal, e deu lugar ao feminismo como movemento social internacional que reivindicaba por primeira vez na historia os mesmos dereitos para todos os seres humanos, non só para todos os homes.

O socialismo foi a resposta ás inxustizas do capitalismo. Engloba distintas correntes, pero todas elas buscaban a igualdade e a solidariedade.

Os ideais que animaron a Revolución Francesa convertéronse nos obxectivos para alcanzar. Para logralo necesitaban tomar conciencia de clase. Con este fin fúndase en Londres en 1864 a Asociación Internacional dos Traballadores, para dar ánimo e orientar a loita obreira, así como para conseguir mellores condicións de vida. Entre os principais representantes da organización está Karl Marx. O marxismo ou socialismo científico foi a corrente que máis mobilizou o proletariado.

O anarquismo é a segunda corrente ideolóxica: busca cambiar a sociedade para que desapareza a autoridade e o poder, asegurando así a liberdade de todos os individuos. O poder representado polo Estado xera sempre inxustiza e corrupción; por iso non queren facerse con el, como os marxistas, senón destruílo. Bakunin, o seu primeiro teórico, opónse a calquera organización política, relixiosa ou administrativa. En lugar diso, postula a formación de comunas, pequenos centros de poboación que se autoxestionan. O obxectivo é que as persoas sexan libres e poidan exercer de feito a súa liberdade, e a clave para iso é unha esmerada educación que lles permita pensar e decidir por si mesmos.

1.2. A cultura: o nacemento das ciencias sociais

O século XIX é especialmente fecundo para a ciencia. Por unha parte, o desenvolvemento técnico impulsa a ciencia. Por outra, o triunfo da burguesía converte o saber en independente das influencias do absolutismo e da relixión, e imponse unha nova mentalidade empírica, libre de supersticións. O resultado é un grande avance en todas as ciencias ademais do nacemento das ciencias sociais, que agora estudan o ser humano seguindo o método científico. Así nacen a psicoloxía, a antropoloxía e a socioloxía.

A teoría da evolución de Darwin sacude as ciencias naturais, pero revoluciona tamén todas as ciencias sociais: a política, a socioloxía e a relixión teñen que entender o ser humano doutro modo despois de saber que é un animal máis con antepasados comúns ás demais especies, en contra do que afirmaban a relixión e as ciencias dominantes. Trátase do segundo ataque contra o antropocentrismo, despois de que Copérnico descubriuse que o universo non xira arredor de nós.

O positivismo é tamén un punto de vista rupturista ante a concepción do mundo anterior: o Romanticismo. Trátase dun modo de interpretar o mundo que se basea exclusivamente na razón e nos feitos que a razón pode explicar. Guiada por ela, a humanidade podería progresar da man do coñecemento científico, o único válido. Auguste Comte, o seu pensador máis representativo, defendeu a necesidade de reformar a sociedade, e para iso debía estudala, recoñecer a súa estrutura e funcionamento. Así nace a socioloxía ou «física social», que podería dotar a humanidade da orde e o progreso que necesita, afastándoa de ideais metafísicos utópicos.

Comte consideraba fundamental a lei dos tres estados polos que segundo el a humanidade pasou: o primeiro é o estado teolóxico, no que o ser humano busca as causas últimas do mundo e a esencia das cousas e explica a realidade recorrendo a forzas máxicas ou divinas; trátase dunha actitude infantil, que será superada ao buscar explicacións racionais no estado metafísico, no que en lugar de recorrer a deuses empréganse termos abstractos e metafísicos para explicar a realidade; o definitivo será o estado positivo, que renuncia a buscar o saber absoluto para limitarse a explicar feitos sociais ou naturais mediante leis científicas.

A veneración que Comte sente pola razón e a ciencia é tal que chega a mitificalas, e é posible entender o positivismo tamén como un «romanticismo da ciencia».

1.3. Marco filosófico: influencias do socialismo utópico, esquerda hegeliana e economía política

A filosofía de Marx nace da achega de tres fontes distintas que o marxismo recolle dentro de si:

a) Economía política Tamén coñecida como liberalismo económico, explica o modo de produción nas sociedades capitalistas. Fronte ao enfoque anterior, que vía a fonte do valor económico na capacidade produtiva da terra, eles comprenderon que a fonte do valor estaba no traballo humano, que converte materias primas en mercadoría.

Adam Smith e David Ricardo explicaron as leis que regulan a produción e distribución de mercadorías no capitalismo como leis naturais que non podían cambiarse. Para A. Smith o libre mercado e a lei da oferta e a demanda aseguraban unha sociedade xusta, xa que quen busca enriquecerse ao final consegue crear unha riqueza para a súa nación que beneficia a todos. Como se unha «man invisible» actuase, a providencia fai que ese egoísmo inicial se transforme nunha virtude pública para toda a sociedade. Marx crea a súa teoría económica en oposición a este modelo, pois considera que só produce máis para quen xa ten recursos.

b) Socialismo utópico Como resposta ao liberalismo e á explotación capitalista, un conxunto heteroxéneo de pensadores, anteriores ao auxo do marxismo e anarquismo, defenderon a mediados do século XIX a necesidade de reformas sociais que permitisen a creación de comunidades baseadas nunha distribución de bens xusta e unha relación democrática e fraternal entre os seus habitantes.

A proposta de Owen é crear pequenas comunidades de traballadores que cooperan e intercambian produtos, e que evite unha autoridade externa. Fourier pensou nas condicións necesarias para crear unha vida digna e un traballo atractivo, que Proudhon desenvolverá. Para el, o capitalismo imposibilita a igualdade, pero o comunismo imposibilita a liberdade e independencia, que só asegura a anarquía, unha sociedade de traballadores que elixen asociarse libremente.

Saint-Simon defende, en cambio, unha sociedade tecnolóxica e industrial que produza abundantes bens. Unha autoridade central adminístraa eficientemente guiada pola razón.

Estes autores foron criticados por buscar un modelo social utópico, máis próximo a unha visión filosófica da sociedade perfecta que a un modelo aplicable á realidade.

c) A esquerda hegeliana O método dialéctico de Hegel permitiulle a Marx comprender a historia e interpretar a realidade deste modo, pero asumindo o punto de vista progresista e crítico da esquerda hegeliana, que se opoñía á dereita hegeliana, de ideoloxía conservadora e cristiá.

O máis importante deste grupo de pensadores será Feuerbach, que explica o mecanismo da alienación relixiosa. Para el, a cultura, a arte e a relixión son creacións do ser humano, non creacións de alguén superior. É a mente humana quen os fabrica a medida dos seus soños e angustias, pero a idea dun deus perfecto, infinito, onnipotente... abráiao, e ao seu lado séntese tan insignificante que acaba por pensar que existe realmente e sométese á súa propia criatura, esquecendo que Deus non creou o ser humano, senón que foi o ser humano quen o creou a el. Se quere saír deste estado alienante, debe negar a Deus e afirmarse, recuperando a súa esencia.

1.4. Biografía e obra de Marx

Karl Heinrich Marx (Tréveris, Alemaña, 1818 - Londres, Inglaterra, 1883) empezou a estudar Dereito, pero despois decidiuse pola Filosofía. Uniuse á esquerda hegeliana, un grupo de mozos que interpretaba a este autor de maneira liberal e atea. Nada máis acabar os seus estudos, fíxose redactor xefe da polémica Gaceta Renana, que será censurada. Marcha a París, onde estuda economía política, historia e o socialismo francés. Descubre a Feuerbach, referente clave na súa obra. Alí tamén coñecerá o seu amigo e mecenas Friedrich Engels, con quen asinará varias obras.

En Bruxelas redactará o Manifesto Comunista e tras diversos exilios fixa a súa residencia en Londres, onde descobre os economistas ingleses. En 1864 tenta controlar a Organización Internacional dos Traballadores, sen éxito, sobre todo polos impedimentos que poñen os anarquistas. Tampouco controla os movementos comunistas, e chega a dicir: «Certamente, eu non son marxista».

Nesta época escribe as súas obras máis importantes. *O capital* e *Contribución á crítica da economía política* mostran para algúns a plenitude do pensamento de Marx, mentres que outros autores consideran a súa época de xuventude, ata 1848, como a máis xenuína dun pensador preocupado por espertar a conciencia dunha humanidade explotada inxustamente.

Durante esta época de penuria económica, vive das súas colaboracións na prensa, pero sobre todo, ironicamente, da axuda que Engels lle proporciona, froito da fortuna do seu pai, un capitalista con varias fábricas grazas ás cales Engels coñecía a miseria do proletariado de primeira man.

2. Liñas principais do pensamento do autor

2.1. O humanismo: o concepto de alienación en Marx

Alienarse significa facerse estraño, facerse outro, negarse a un mesmo ou perder transitoriamente facultades mentais. Trátase dunha visión ou rotura entre partes que estaban unidas e que son fundamentais para o suxeito, no noso caso desde a súa propia conciencia ata a súa sociedade, que se desgarrar en dúas clases antagónicas.

Froito dunha economía alienada, a alienación social permite que exista desigualdade e dominación entre os seres humanos nunha situación histórica na que en teoría todos os homes son libres e iguais. O Estado agora é dirixido pola burguesía, as leis son iguais para todos e non hai distintos estamentos, como antes da Revolución Francesa. A realidade é que a sociedade recoñece dúas clases diferentes de seres humanos, confírelles distinta dignidade e reciben un trato diverso. Os individuos manteñen entre si unhas relacións sociais deshumanizadas e degradadas: só se relacionan para obter diñeiro uns dos outros.

A alienación política fai que sexa posible a existencia deste Estado igualitario que ignora o sometemento absoluto que esixe o capitalista e a relación «amo-escravo» que se establece co traballador.

a) Crítica á alienación relixiosa en Feuerbach A análise da alienación relixiosa de Feuerbach que vimos antes é acertada, pero incompleta segundo Marx, xa que non se pregunta por que se produce a alienación relixiosa. A resposta está na sociedade na que vive, que o precipita a esta situación. A alienación relixiosa ten orixe noutra alienación anterior: a alienación económica. Os deuses fabricados polo ser humano para calmar as súas angustias desaparecerán só se cambia a realidade inxusta que os produce.

Marx critica o ateísmo porque é necesario pasar da crítica teolóxica á política. Non é suficiente facer unha crítica do ceo, o paraíso prometido pero inexistente co que o ser humano soña. Débese facer tamén unha crítica da terra, que é o inferno para a maioría da sociedade.

b) A alienación no traballo No século XIX o Estado non é laico. A relixión cristiá en Europa estaba ligada á política: Igrexa e Estado alimentábanse mutuamente, logrando o control do ámbito público e privado na sociedade.

No ámbito público, o Estado impón as leis que a Igrexa lle dita, xa que é a relixión quen di que é o xusto ou que debe facerse. Na vida persoal de cada individuo, a relixión moldea o seu pensamento, facendo que as consciencias tamén sigan as leis de Deus e, polo tanto, do Estado.

Por outra parte, por medio da relixión, o Estado consegue unha diferenza social que beneficia a burguesía e a aceptación pacífica dunha realidade inxusta, xa que o cristianismo impón unha moral de resignación e sometemento ás circunstancias sociais, posto que son resultado da providencia divina. Así conséguese unha man de obra extremadamente dócil ante a explotación e a inxustiza: a relixión é o «opio do pobo», axuda a adormentar o sufrimento e a conciencia para poder soportar a situación, e dá consolo: terán outra vida feliz, aínda que despois da morte. Así aseguran nesta vida os privilexios quen teñen o poder económico, motivo real da alienación relixiosa.

Por iso a alienación no traballo é a máis terrible, e a que permite outras alienacións, xa que ataca o ser humano na súa esencia: somos o que facemos, e con esa actividade transformamos o mundo, pero tamén a nós mesmos. Pero a única función do traballador capitalista é ser a forza animal que mova unha máquina, e no seu traballo vese alienado de catro maneiras distintas.

Con respecto ao produto O ser humano, cando realiza un traballo, pon no obxecto que produce algo seu: inviste nel a súa enerxía, o seu esforzo, proxecta nel a súa imaxinación, as súas capacidades mentais. O obxecto que produce está humanizado, leva en si a esencia do traballador, que se realiza cando ve o resultado do seu traballo no obxecto. Pero no modo de produción burgués este produto pasa a mans do capitalista, que só está interesado no obxecto como mercadoría da que se pode obter beneficio. En consecuencia, o traballador ve o resultado do seu traballo como estraño e hostil, que só serve para enriquecer máis o capitalista.

Con respecto á súa actividade A finalidade do traballo é desenvolver as capacidades do ser humano para transformar o seu contorno. No modo de produción capitalista o traballador non realiza o seu traballo, senón que traballa para outro. Non se realiza como ser humano: o traballo simplemente é o medio para poder obter o básico que lle permitirá realizarse cando remata a súa xornada laboral. Pero o traballador só pode vivir para producir, non ten máis tempo nin máis enerxía cando remata o seu traballo, polo que non chega a realizarse nunca.

Con respecto á natureza O medio natural no que se desenvolve a vida do ser humano, que tamén forma parte da natureza, é en realidade propiedade do capitalista, unha fonte de materias primas. Por outra parte, o humano é un ser libre e creativo, que se pode relacionar de moitas maneiras coa natureza. Pero no traballo debe facer eternamente o mesmo, como os animais, que só poden relacionarse coa parte da natureza que o seu instinto lles permite.

Con respecto aos demais seres humanos O traballador vese privado dunha relación humana cos demais mentres traballa: cada un debe traballar para si. As persoas que rodean o traballador ou ben son competidores que poden deixalo sen traballo, ou ben o capitalista, a quen pertencen o seu tempo e o produto do seu esforzo.

MARX (texto 1)

Manuscritos económico-filosóficos de 1844

En que consiste, pois, a alienación do traballo? Primeiro, en que o traballo é externo ao traballador, é dicir, que non pertence á súa esencia, que, por iso, o traballador non se afirma no seu traballo, senón que se nega, non se sente ben, senón infeliz, non desenvolve unha enerxía física e espiritual, senón que mortifica o seu corpo e estraga o seu espírito. De aí que o traballador só se sinta consigo mesmo fóra do traballo e no traballo fóra de si. “No seu” está cando non traballa e cando traballa non está “no seu”. O seu traballo non é, pois, voluntario, senón obrigado, traballo forzado. Non é daquela a satisfacción dunha necesidade, senón só un medio para satisfacer necesidades alleas. O seu carácter estraño salientase nido en que en canto non hai unha constrición física ou de calquera outra índole, fóxese do traballo como da peste. O traballo externo, o traballo no que o home se allea, é un traballo de autoinmolación, de mortificación. Finalmente a exterioridade do traballo para o traballador maniféstase en que non é o seu propio traballo, senón o doutro, en que non lle pertence, en que no traballo non se pertence a si mesmo, senón a outro. Así como na relixión a actividade espontánea da fantasía humana, do cerebro e do corazón humanos, esta actúa independentemente do individuo, é dicir, é para el coma efecto dunha acción

divina ou demoníaca; así a actividade do traballador non é actividade de seu; pertence a outro, é a perda de si mesmo.

MARX: Manuscritos económico-filosóficos de 1844, Primeiro manuscrito, XXIII (O traballo alleado).

Tema do texto: condicións nas que os seres humanos desenvolven o seu traballo na sociedade capitalista.

Tese defendida polo autor: o resultado do traballo é a alienación.

Ideas principais: Marx explica como se desenvolve o traballo na sociedade capitalista, e dá tres razóns para defender que se trata dun traballo alienado:

- Para transformar a realidade o traballador debe negarse a si mesmo primeiro. Lonxe de enriquecerse como persoa facendo o que lle gustaría, mortifícase destruindo o seu corpo e a súa mente para outro.
- Realiza unha actividade que non desexa só porque precisa diñeiro. Isto baléirao como ser humano aínda que lle proporcione un salario.
- Do resultado do seu esforzo gozará outro, a quen lle pertence a actividade do traballador, e polo tanto tamén el mesmo.

2.2. A análise da mercadoría e o concepto de plusvalía

Marx escribe *O capital* para desenmascarar a economía capitalista e o sistema político e xurídico que é xerado por ela.

A cuestión que intenta aclarar é a seguinte: a fonte de riqueza na sociedade capitalista é o traballo. Pero os que acumulan riqueza son os capitalistas, mentres que o proletariado, que é o que realiza este traballo, vive en condicións de miseria.

a) O valor da mercadoría Marx descobre que a economía capitalista precisa para o seu funcionamento de tres factores: mercadoría, capital e plusvalía. Deles, o fundamental é a mercadoría, xa que posibilita a existencia dos outros dous.

A teoría económica marxista baséase nas achegas anteriores dos economistas ingleses, que afirman que a economía responde a un sistema racional no que naturalmente, pola acción das leis de mercado, existe equilibrio e equivalencia entre oferta e demanda, prezos e salarios, mercadoría e prezos.

Desde tal perspectiva, os beneficios do capitalista proveñen da libre circulación da mercadoría. Trátase dun mercado libre que garante a posibilidade para todo capitalista de abrir o seu negocio e a posibilidade para todos de firmar ou non un contrato.

Pero se é certo que o valor da mercadoría é equivalente ao seu prezo no mercado, de onde saen os beneficios?

Segundo os economistas clásicos, o valor dunha mercadoría pódese calcular de dúas maneiras distintas:

- **Valor de uso:** capacidade dunha mercadoría para satisfacer necesidades humanas. É un valor intrínseco do obxecto, non pode intercambiarse e depende da utilidade real dos obxectos.
- **Valor de cambio:** valor abstracto dunha mercadoría, que permite intercambiala por outras mercadorías que teñan un valor de cambio equivalente ou por diñeiro. Calcúlase en relación co tempo de traballo socialmente necesario que é preciso para obtela. Este cálculo abstracto depende das leis de oferta e demanda.

Na economía capitalista, o valor de uso, que é o valor real que teñen as mercadorías, non conta. A auga, por exemplo, ten un valor de uso incalculable, pero se no mercado ten un valor de cambio baixo, ninguén terá conciencia de que é un recurso valioso. En cambio, un diamante, que ten un valor de uso mínimo, é desexado en virtude do seu valor de cambio, que é extrínseco e fixado polo mercado. As cousas non valen porque sexan útiles, senón porque teñen un valor económico. O capitalismo só pensa no prezo de compra ou venda das mercadorías, e deixa de lado outras consideracións: dá o mesmo vender minas ca próteses para os mutilados por estas.

As relacións humanas que implica a economía só teñen unha lectura económica: o traballo das persoas é unha mercadoría máis, cun valor de uso e un valor de cambio que depende exclusivamente do mercado: se en Filipinas os nenos traballan (venden unha mercadoría, a súa forza de traballo) por moi poucos cartos (cun valor de cambio inferior ao valor de uso), é preferible para o capitalista contratar esa man de obra porque proporciona moitas máis ganancias.

O descubrimento de Marx consiste en explicar este proceso, que chama plusvalía.

b) A plusvalía Na sociedade capitalista os beneficios obtéñense do feito de comprar a forza de traballo do asalariado (a enerxía que desenvolve para realizar un traballo) por un prezo inferior ao do valor de cambio da mercadoría que produce co seu traballo.

A plusvalía é a diferenza entre o salario que recibe o traballador e o valor en cartos que teñen os produtos que el realiza co seu traballo. Este é o secreto do capitalista e a base do capital, que é plusvalía acumulada que se segue investindo para xerar un capital maior.

O capitalista pode aumentar a porcentaxe de plusvalía que un obreiro produce de dúas maneiras distintas, como explica Marx:

- A **plusvalía absoluta** é resultado do aumento do horario de traballo.
- A **plusvalía relativa** consiste en acurtar o tempo preciso para realizar os produtos, que é o «traballo necesario», grazas ás máquinas, novas materias primas ou instalacións máis eficientes. O resultado é que se multiplica o «traballo excedente» non retribuído.

En ambos os casos, o traballador recibe o mesmo salario, aínda que produce moita máis plusvalía porque traballa máis, máis intensamente ou con maior eficiencia.

Texto 2

«A produción de plusvalía absoluta conséguese prolongando a xornada de traballo máis alá do punto en que o obreiro se limita a producir un equivalente do valor da súa forza de traballo, e facendo que este plustraballo o apropie o capital. A produción de plusvalía absoluta é a base xeral sobre a que descansa o sistema capitalista e o punto de arranque para a produción de plusvalía relativa. Nesta, a xornada de traballo aparece desdobrada de antemán en dous segmentos: traballo necesario e traballo excedente. Para prolongar o segundo acúrtase o primeiro mediante unha serie de métodos, coa axuda dos cales se consegue producir en menos tempo o equivalente do salario.»

(K. Marx, *O capital*, tomo 1: *Crítica da economía política*, libro I, sec. V, cap. XIV, «Plusvalía absoluta e relativa»)

2.3. Materialismo e dialéctica en Marx

Marx é materialista porque para el o primeiro e máis importante é o real, o mundo que podemos ver e non o pensamento, como afirma Hegel, pero tamén Feuerbach, que entende o ser humano unicamente como un ser contemplativo, igual que Aristóteles e a maior parte dos pensadores que o seguiron. Os filósofos cren que o ser humano é un ser intelectual á marxe do mundo material, para eles aparentemente sen importancia. Para Marx, o ser humano prodúcese a si mesmo por medio de accións que dirixe co seu pensamento. Polo tanto, é un ser activo e non só contemplativo, e a realidade é o mundo humanizado pola praxis (acción) humana.

Hegel entende a dialéctica como unha oposición de conceptos que ao contraponerse crean como síntese novos conceptos. Emprega este procedemento para interpretar a realidade como totalidade, dunha maneira absoluta, como se un Deus explicase o mundo desde as alturas. Para comezar, Marx cre que a dialéctica non debe aplicarse ás ideas, senón que debe ser material, isto é, aplicarse a feitos que acontecen na historia e na economía, como pode verse no fragmento seguinte:

Texto 3

A ideoloxía alemá. En completa oposición á filosofía alemá, a cal descende do ceo á terra, erguémonos aquí da terra ao ceo. É dicir, non se parte daquilo que os homes din, imaxinan ou se representan, e tampouco dos homes ditos, pensados, imaxinados, representados, para dende aí chegar aos homes de carne e óso; pártese dos homes realmente activos e con base no seu real proceso vital, preséntase tamén o desenvolvemento dos reflexos e ecos ideolóxicos deste proceso de vida. Tamén as imaxes nebulosas no cerebro dos homes son sublimacións necesarias do seu proceso vital material empiricamente constatable e ligado a precondicións materiais. A moral, a relixión, a metafísica, e a restante ideoloxía, e as formas da consciencia que lles corresponden, non conservan así por máis tempo a aparencia de autonomía. Non teñen historia, non teñen desenvolvemento, senón que os homes que desenvolven a súa produción material e o seu intercambio material son os que, ao cambiar esta súa realidade, cambian tamén o seu pensamento e os produtos do seu pensamento. Non é a consciencia a que determina a vida, senón que é a vida a que determina a consciencia. No primeiro modo de consideración pártese da consciencia como

individuo vivo; no segundo, que corresponde á vida real, pártese dos mesmos individuos vivos e reais e considérase a consciencia unicamente como a súa consciencia.

K. MARX / F. ENGELS; A Ideoloxía alemá (1845/46), Tomo I, I. A. [1.] (A ideoloxía en xeral, nomeadamente a alemá).

En conclusión, a moral, a relixión, a metafísica e calquera outra ideoloxía son resultado da maneira en que se producen os bens necesarios para vivir nunha sociedade.

Non é certo que o ser humano viva como el decide; ao contrario, o seu modo de vida moldeará a súa consciencia, as súas ideas.

a) Materialismo dialéctico O materialismo dialéctico é unha teoría de Engels que resulta de aplicar a dialéctica á natureza para explicar como se desenvolven os procesos naturais. Trátase dunha explicación que tenta ser científica, e non ten en conta a acción humana sobre a natureza, que explica o materialismo histórico.

A materia desenvólvese dialecticamente como resultado das forzas contrarias que actúan sobre ela a saltos, facendo que en momentos sucesivos cada forza ou tendencia negue e supere a anterior. Explica a realidade como un proceso, que el estrutura en tres momentos:

1. A tríade comeza cunha afirmación ou **tese**.
2. Nun segundo momento négase esa afirmación, e opónselle unha tese contraria ou **antítese**. Este é o momento máis importante, xa que aquí está o motor do proceso. Ao enfrontar unha idea e a súa contraria, vémonos en disposición de entender en profundidade cada unha, e chégase así ao terceiro momento.
3. A **síntese**, que nega a negación e, froito deste proceso, supera as dúas ideas de partida excluíndoas.

Engels fala dun gran de cebada para ilustralo: o proceso comeza a partir dun gran de cebada; nun segundo momento o gran cae á terra, onde é destruído (negado), pero desfáise para xermolar e formar unha nova planta; nun terceiro momento na planta madura xorde unha espiga chea de grans, resultado do primeiro gran de cebada.

b) Materialismo histórico O materialismo histórico serve para explicar a sucesión dos acontecementos humanos que forman a historia, ao igual que o materialismo dialéctico explica o devir da natureza. Como resultado da súa investigación nos campos da economía e a historia, Marx crea distintos conceptos para analizar e comprender como é a estrutura da sociedade capitalista.

Modo de produción A historia comeza cun ser humano que transforma a natureza. Os seres humanos traballan para producir os bens materiais que precisan para sobrevivir: alimento, vestido e refuxio. Así entran en contacto coa natureza transformándoa coa súa praxe, a actividade creadora dirixida a producir os bens que precisan. Un modo de produción é a maneira en que unha sociedade se organiza para producir os distintos obxectos que os individuos que viven nela precisan para a súa existencia.

Marx pensa en individuos concretos e reais cunhas determinadas condicións materiais de vida. Cada sociedade ten as propias, e por iso é diferente tamén en todos os demais aspectos. O desenvolvemento das sociedades humanas explícase a partir de procesos económicos, e a historia é o resultado do desenvolvemento das estruturas económicas nas distintas sociedades.

As relacións de produción Segundo o que acabamos de ver, a estrutura económica é a base que sostén e fundamenta todos os demais aspectos da sociedade, que son determinados por ela.

O traballo, a praxe do home que busca unha maneira de saír adiante, era o motor da historia e tamén do propio ser humano.

O traballo fai que o ser humano se relacione cos demais homes e coa natureza, pero na sociedade capitalista o traballador está alienado, e as relacións que mantén cos outros seres humanos son desiguais, xa que uns posúen os medios de produción e os outros deben vender a súa forza de traballo para poñelos en movemento.

Os medios de produción son o conxunto dos factores materiais precisos para producir algo: máquinas, ferramentas, terras... Posuír ou non medios de produción propios será o factor que determine as relacións de produción, que se establecen entre os propietarios e os traballadores.

Entre os diferentes membros da sociedade existen intereses contrapostos, resultado do distinto posto que cada individuo desenvolve nun modo de produción. O resultado é unha **loita de clases** na que unha clase é dominada pola outra, o que produce unha situación social chea de conflitos. Ao mesmo tempo, estes conflitos e a urxencia por solucionarlos son o **motor da historia**, pero aínda que a historia cambie, isto non significa que deixe de existir esta dinámica perversa na que sempre existen dominadores e dominados. Simplemente cambiarán os actores sociais, pero a desigualdade non desaparecerá ata que os medios de produción sexan comunitarios e non só propiedade duns poucos privilexiados que, grazas a eles, explotan o resto.

As forzas produtivas

A forza produtiva é a capacidade de produción que ten unha sociedade. É o resultado de dous factores: o primeiro, a **forza de traballo** dos traballadores, que se aplica ao segundo factor necesario, os **medios de produción** dunha sociedade determinada.

Cada momento histórico conta cunhas forzas produtivas distintas. Non produce igual unha sociedade na que o traballo é artesanal que outra na que se empregan medios de produción industriais. Cando as forzas produtivas conseguen desenvolverse e facerse máis eficientes, entran en contradición coas relacións de produción establecidas e prodúcese unha época de revolución social, como vemos a continuación:

Texto 4

«Nun determinado estadio do seu desenvolvemento as forzas produtivas materiais da sociedade entran en contradición coas relacións de produción

existentes ou, por usar a expresión xurídica equivalente, coas relacións de propiedade dentro das cales se moveran ata daquela. De formas de desenvolvemento que eran forzas produtivas, esas relacións convértense nas súas trabas. Empeza entón unha época de revolución social.»

(K. Marx, *Contribución á crítica da economía política*, 1859, prólogo)

A transformación das forzas produtivas implica unha división do traballo maior, na que os traballadores deben especializarse cada vez máis nunha actividade concreta, como acontece na sociedade capitalista grazas aos medios técnicos que proporcionou a Revolución Industrial. Marx pensaba que o desenvolvemento das forzas produtivas do sistema capitalista conduciría inevitablemente á súa autosuperación, como sucedeu con todos os modos de produción anteriores ao longo da historia.

A estrutura social

Como acabamos de ver, o modo de produción determina todos os demais factores sociais. A estrutura económica dunha sociedade é a súa **infraestrutura**, a base sobre a que se fundamentan todas as demais características desta sociedade.

A infraestrutura está formada polo conxunto das **forzas produtivas** (medios de produción e a capacidade dos traballadores de producir a través delas) e as súas **relacións de produción** (relacións entre os propietarios dos medios de produción e os traballadores).

A infraestrutura, que é a base real da sociedade, determina a **superestrutura**. Este segundo estrato superponse sobre ela e componse das formas de organización xurídica e política e as formas de conciencia social ou ideoloxía. O Estado e o dereito constrúense a partir da infraestrutura; isto supón que o poder político e as leis beneficiarán a aqueles que manexan o poder económico, os posuidores dos medios de produción.

A **ideoloxía** é o conxunto de ideas que expresa a maneira de entender o mundo nunha sociedade determinada. Inclúe as crenzas, os valores ou os costumes que ten o individuo, e tamén a relixión, a moral, os mitos, a arte ou a filosofía, xa que se trata dunha suma de ideas e opinións que o individuo cre propias, pero en realidade esta representación que os individuos fan para entender como é a realidade está manipulada polos intereses da clase dominante. Marx di que a ideoloxía é unha **falsa conciencia**, destinada a que se perpetúe un modo de pensar que non altere a orde social. A ideoloxía que rexe unha sociedade é a da clase dominante, que a presenta como a única válida para o interese común de todos os membros da sociedade. Desde esta perspectiva, a estrutura económica é a verdadeira protagonista da historia, mentres que a superestrutura, en todas as súas formas, ten un rol secundario en canto reflexo da primeira.

Cada momento histórico conta cunha estrutura económica determinada.

Texto 5

«Na produción social da súa existencia, os homes entran en relacións determinadas, necesarias e independentes da súa vontade, en relacións de produción que corresponden a un grao determinado de desenvolvemento das súas forzas produtivas materiais. O conxunto destas relacións constitúe a estrutura económica da sociedade, ou sexa, a base real sobre a que se alza unha superestrutura xurídica e política e á que corresponden formas determinadas da conciencia social. En xeral, o modo de produción da vida material condiciona o proceso social, político e espiritual da vida. Non é a conciencia dos homes o que determina o seu ser, senón que, pola contra, o seu ser social é o que determina a súa conciencia.»

(K. Marx, *Contribución á crítica da economía política*, 1859, prólogo)

Cando a infraestrutura cambia, modifícase tamén a superestrutura que se apoia nela. Marx denuncia no texto que a conciencia dun individuo é resultado da economía da súa sociedade. Polo tanto, para eliminar unha superestrutura interesada, que agocha os intereses do poder económico, non se lle hai que facer unha crítica intelectual á sociedade, senón mudar a súa infraestrutura. De novo, Marx é o filósofo da **praxe** e exerce máis de revolucionario que de filósofo, porque a filosofía non serve para interpretar os tempos, senón para cambialos: «A forza motriz da historia non é a crítica, senón a revolución».

Marx cría que o aumento progresivo do número de obreiros suporía o aumento da oferta da forza de traballo. A súa consecuencia é a caída dos salarios e, ao final, a masa obreira será tan grande e tan pobre que tomará conciencia da súa situación de clase dominada e do potencial revolucionario que posúe; emprenderá o camiño da revolución social e deixará atrás o capitalismo, grazas a un primeiro momento de **ditadura do proletariado** que elimina a diferenza de clases sociais e fai desaparecer o Estado burgués. A sociedade comunista, que comparte os medios de produción e elimina as desigualdades sociais, sería así finalmente posible.

3. Relación do autor con outras correntes filosóficas e outros autores

Vimos xa, con bastante detalle, cales foron as influencias básicas do pensamento marxista: o socialismo utópico, os economistas ingleses e a esquerda hegeliana, en especial Feuerbach. Vimos tamén que Marx é un autor materialista, pero a diferenza do materialismo mecanicista dos materialistas clásicos, entende o materialismo dun modo dialéctico, inspirado en Hegel. Esta relación entre Hegel e Marx podemos inserila nunha liña de pensamento que empeza en Aristóteles.

- **Aristóteles, Kant e Hegel:** Aristóteles cre que na natureza dun ser (*physis*) está a potencia que lle permite chegar a ser en acto todo aquilo que el poida ser (*entelequia*). Esta idea aplícase ao mundo natural, que para o estaxirita segue este fin predeterminado (recordemos o teleoloxismo aristotélico). Kant trasládala á historia e converte a forza da natureza que busca cumprir o seu fin e actualizar toda a potencialidade na providencia que guía a historia cara ao progreso dos pobos. Hegel

falará non da providencia, senón da razón que busca perfeccionarse, e Marx, dos modos de produción, que nos levarán a unha sociedade sen clases. Podemos ver a pegada de Kant nun Marx que quere avanzar ata unha sociedade sen contradicións, xusta e igualitaria. Os tres pensadores falan dun proceso no que se alteran os acontecementos positivos e negativos ciclicamente. Para Kant a historia humana é aparentemente absurda, para Hegel irracional e arrepiante, e para Marx chea de contradicións, pero para todos terá unha etapa final que culmina do mellor modo posible.

- **Spinoza e Maquiavelo:** Ambos defenden que a función do Estado é facer aos homes libres e que os valores son unha imposición social arbitraria.
- **Montesquieu e Tocqueville:** Para filósofos como Foucault, Marx tomou deles a súa visión da loita de clases en Francia e da separación entre o Estado e a sociedade civil.

3.1. Influencia do marxismo

O desenvolvemento do marxismo foi posible nun primeiro momento grazas a Engels. Máis tarde viuse completado, e segundo algúns tamén traizoado, por quen desenvolven as súas teorías.

- **Kautsky:** Fronte á revolución marxista, defendeu unha reforma, un cambio formal e legal do Estado burgués, en lugar da súa destrución.
- **Rosa Luxemburgo:** Criticou a organización centralista e a acumulación de poder de Lenin. A ditadura do proletariado, segundo ela, dexenerou nunha ditadura real, pero non do pobo, senón dos seus dirixentes.
- **Lenin:** A súa contribución á filosofía marxista é importante, xa que para el era fundamental o desenvolvemento dunha teoría que lle dese base ao movemento revolucionario. A Segunda Internacional dá-lle máis importancia ao economicismo, que el rexeitaba, xa que ese era o modo de actuar do capitalismo. Estuda tamén a expansión imperialista do capitalismo a nivel internacional, un fenómeno globalizado inexistente na época de Marx.
- **Escola de Frankfurt:** Grupo de pensadores que queren recuperar o espírito de Marx distanciándose do socialismo da URSS, para eles lonxe do espírito marxista, que buscaba, sobre todo, unha política crítica e social. Critican a sociedade «científica» do século XX, que transforma todo en cálculo e busca só a utilidade, á marxe doutros valores, o que conduce a unha ditadura industrial na que os individuos, cun pensamento uniforme e acrítico, só buscan consumir para poder gozar e descansar dun traballo alienante. O seu obxectivo sería que os medios de produción estivesen en mans de cidadáns libres e non do Estado, e poder vivir nunha sociedade non represiva onde o traballo realice e non destrúa os seres humanos, como defendía Marx.

3.2. Valoración final do pensamento de Marx

As consecuencias políticas do marxismo nas ditaduras comunistas reais foron terribles. Nunca pasaron da ditadura do proletariado nin lle deron aos cidadáns os seus dereitos democráticos. Por outra parte, o Estado de Benestar é resultado de movementos adiantados pola idea de Marx de que os traballadores debían loitar polos dereitos que lles pertencían. Tal idea permitiu a existencia dun Estado máis igualitario, unha orde social máis

xusta e tamén cidadáns máis conscientes do seu lugar no mundo. No entanto, estes dereitos nunca chegaron a ser universais, nin parece esta a tendencia do capitalismo actual.

Trala Revolución Soviética de 1917, no bloque comunista pasouse dunha sociedade capitalista con dúas clases enfrontadas, traballadores e capitalistas, onde os medios de produción eran propiedade tan só da segunda, a outra onde os proletarios seguían a ser sometidos por unha nova clase dirixente que socializou os medios de produción pero tamén excluíu os traballadores da organización política, cada vez máis lonxe deles e restrinxindo máis a súa liberdade. O resultado non foi a supresión das diferenzas sociais ou do Estado, senón a aparición dun Estado totalitario que controlaba todos os aspectos da vida da sociedade civil.

Nos países capitalistas, pola contra, traballadores e capitalistas asumiron o seu papel aparentemente sen contradicións, xa que os traballadores decidiron abrazar o capitalismo, que permitía unha vida máis segura e cómoda grazas á técnica, a cambio de sacrificar a súa liberdade e dunha vida que Marx tamén chamaría alienada: trabállase para consumir bens innecesarios, prodúcense obxectos coa intención de que teñan unha vida o máis breve posible, os recursos esquilados e os residuos emitidos sen freo colapsan os ecosistemas na Terra, desapareceu a conciencia social nunha clase media satisfeita...

Na actualidade, a desigualdade social en crecemento fai agromar de novo o conflito social, mentres que o Estado faise cada vez máis feble e os piares do benestar, construídos con grande esforzo polos seus cidadáns, ceden fronte ao poder económico de enormes capitais transnacionais.